



Concello de Betanzos

Praza de Galicia s/n, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.net

DECRETO: CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA 27/02/2020

María Barral Varela, alcaldesa do Concello de Betanzos, no uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os distintos expedientes conclusos e as mocións presentadas para ser sometidos á consideración do Pleno da Corporación.

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Ao abeiro da atribución que lle concede á Alcaldía o artigo 21.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

RESOLVO:

PRIMEIRO. Convocar a todos/as os/as concelleiros/as que compoñen a Corporación Municipal á sesión plenaria ordinaria que terá lugar no Salón de Plenos da Casa do Concello, o próximo xoves 27 de Febreiro de 2020 ás 20:30h en primeira convocatoria, e unha hora despois en segunda convocatoria.

SEGUNDO. Establecer a seguinte **ORDE DO DÍA** para a devandita sesión:

- 1.Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión anterior.
- 2.Dar conta de decretos da Alcaldía e asuntos varios.
- 3.Relación de postos de traballo do Concello de Betanzos (RPT).
- 4.Orzamento do Concello de Betanzos.Corrección de erros do cadro de persoal do 2020 (Exp:2020/G006/000022).
- 5.Aprobación definitiva da modificación puntual do Plan Parcial do Sector SAUI-5 Polígono de Pielada.
- 6.Organización concello: nomeamento de representantes da corporación en órganos colexiados
- 7.Convenio de colaboración entre a Aeat e a Femp en materia de intercambio de información tributaria e colaboración na xestión recaudatoria coas entidades locais.
- 8.Moción do grupo municipal do PP con motivo do 8 de Marzo.
- 9.Proposición do PP relativa á declaración da ofrenda do Antigo Reino de Galicia como Ben de Interese Cultural Inmaterial.
- 10.Rogos e preguntas

TERCEIRO. Que esta convocatoria se lle notifique en tempo e forma a todos os membros da Corporación, se publique no taboleiro de edictos e no portal de transparencia do Concello, e se dea conta desta na seguinte sesión plenaria ordinaria.



Concello de Betanzos

Praza de Galicia s/n, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.net

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A alcaldesa

María Barral Varela

O Secretario en réxime de acumulación (Resol.DXAL de 04/10/2018)

(Asinado aos efectos do art.3.2 do RD 128/18 do 16 marzo)

Adrián J. Márquez Caramés